

## ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE XUVENTUDE E DEPORTES

No Pazo Provincial, sendo as 12:15 horas do día 18/03/22, reúnese a Comisión de Xuventude e Deportes, baixo a presidencia de **D. GORKA GOMEZ DIAZ**, sendo a súa suplente **D<sup>a</sup>. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ**, e coa asistencia dos seguintes Deputados/as, de **D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ, D<sup>a</sup>, ANA M<sup>a</sup> MEJIAS SACALUGA, D. CARLOS LÓPEZ FONT, D<sup>a</sup> NOEMÍ OUTEDA PROL, D. MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D<sup>a</sup> MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA**, xefe do servizo Deportes.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.-LECTURA E APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.**

Non existindo reparo algún, apróbase, por unanimidade, a acta de 18/02/2022.

### **2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022.**

Polo presidente da Comisión dáse conta da aprobación das bases para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2022 por un importe de 250.000,00 €.

As subvencións obxecto destas bases divídense en dúas liñas.

**Liña 1:** Axudas para a realización de competicións deportivas federadas oficiais de ámbito estatal ou internacional.

**Liña 2:** Axudas para a realización de competicións deportivas oficiais e non oficiais, de todos os ámbitos territoriais, federadas ou non federadas

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades que teñan pendentes de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



## 2.- ROGOS E SUXESTIÓNS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:42 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

